


Nome: _____ Curso: _____

Contesta ás seguintes preguntas, só unha das opcións é verdadeira, cada tres fallos descontan un acerto. As preguntas en branco non suman nin restan.

1. Cal é a función dun condensador?
 - a. Almacenar carga eléctrica.
 - b. Subir a voltaxe dun circuito.
 - c. Funciona igual que un interruptor.
 - d. Deixar pasar a corrente só nun sentido.
 2. De que tipos de condensadores falamos?
 - a. Dos electrolíticos, que son polarizados, e dos cerámicos, que non o son.
 - b. Dos electrolíticos, que non son polarizados, e dos cerámicos, que o son.
 - c. Dos polarizados, que son os electrolíticos e os cerámicos.
 - d. Dos polarizados e non polarizados, que son todos electrolíticos.
 3. Canto tempo tardará en descargarse un condensador de 10 uF cunha resistencia de 100K? ($t=5.C.R$)
 - a. 5 s
 - b. 0.5 s
 - c. 50 s
 - d. 0.05 s
 4. Cales son os modos de funcionamento dun transistor?
 - a. Amplificación e interrupción.
 - b. Activa, Saturación e Corte.
 - c. Amplificación, Saturación e Corte.
 - d. Activa, Saturación e Interrupción.
 5. Cales son os terminais dun transistor?
 - a. Emisor, Colector e Ánodo
 - b. Base e Emisor
 - c. Base, Colector e Emisor
 - d. Ánodo, Cátodo e Emisor.
 6. Cal é o modo de funcionamento dun transistor no que deixa pasar o máximo de corrente?
 - a. Activa
 - b. Saturación.
 - c. Corte.
 - d. Amplificación.
 7. Que fai un circuito 555 monostable?
 - a. Alterna a saída entre dous estados indefinidamente.
 - b. Alterna entre estado "HIGH" e estado "LOW" cada vez que premo un pulsador.
 - c. Fai parpadear dous leds.
 - d. Produce un pulso alto durante un certo tempo cando premo un pulsador.
 8. Nun 555, as patillas 1,3 e 8 son, por esta orde:
 - a. Positivo, saída e negativo.
 - b. Negativo, saída e positivo.
 - c. Saída, positivo e negativo.
 - d. Negativo, positivo e saída.
 9. Tendo en conta a fórmula $t = 1,1 \cdot R_1 \cdot C_1$, canto tempo durará un pulso se o circuito o monte cunha resistencia de 100 uF e 10K?
 - a. 0,011 s
 - b. 0,11 s
 - c. 1,1 s
 - d. 11 s
 10. No circuito que montamos que acendía e apagaba os leds... que sería o período?
 - a. As veces por segundo que se pon en "HIGH" a saída.
 - b. As veces por segundo que se pon en "LOW" a saída.
 - c. As veces por segundo que a saída pasa polo ciclo "HIGH" - "LOW".
 - d. O tempo que pasa desde que a saída se pon "HIGH" ata que se pon "HIGH" outra vez.
 11. Como podía conseguir que os leds parpadasen máis rápido? $\{ f=1,44/(R_1+2R_2).C \}$
 - a. Poñendo un condensador de menor capacidade.
 - b. Poñendo unha R1 máis grande.
 - c. Poñendo un condensador de maior capacidade.
 - d. Ningunha das anteriores.
-

12. Respecto ao circuito da figura:



- Que fai este circuito?
 - Como se chama?
 - En que dispositivos se emprega?
 - Signala o percorrido da corrente no circuito.
13. Explica coas túas palabras como funcionaría este circuito ás diferentes horas do día, supoñendo que para que o transistor se sitúe en saturación ten que haber máis de 3,2V entre base e emisor.
- Que compoñente poderías cambiar no circuito se quixeras que o led se acendese antes? Por que?

